

Plan Dixital

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano Académico	Estado
15032509	Escola de Senra	Oroso	2024/2025	Plan pechado-seguemento

1. Vixencia

Vixencia	Data
Curso inicio	2024/2025
Curso fin	2024/2025
Data de actualización	15/10/24
Data aprobación consello	08/10/24
Data aprobación claustro	08/10/24

2. Introducción

Escola de Senra

Dirección: Senra, s/n - 15688 - Oroso (A Coruña)

Correo electrónico: cra.oros@edu.xunta.gal

A Escola de Trasmonte pertence ao CRA de Oroso, formado por un total de 4 escolas:

- Escola de Vilacide
- Escola de Deixebre
- Escola de Senra
- Escola de Trasmonte

En todas elas hai grupos multinivel ou multigráo, con alumnado que cursa dende 4º de Educación Infantil ata 2º de Educación Primaria.

Este curso 2024/25 hai matriculados un total de 37 alumnos e alumnas, distribuídos nas 4 escolas.

O Plan Dixital de Centro concíbese como "un instrumento para mellorar o desenvolvemento da competencia dixital da comunidade educativa, o uso das tecnoloxías dixitais no proceso de ensino-aprendizaxe e a transformación dos centros en organizacións educativas dixitalmente competentes».

O Proxecto Dixital de Centro é un documento aberto, suxeito a continua revisión, integrado noutros plans ou proxectos de centro, que define o uso e integración das tecnoloxías no centro educativo.

Está articulado en tres dimensións:

- a) Organizativa: liderado, desenvolvemento profesional, colaboración, traballo na rede...
- b) Tecnolóxica: modificación, dotación e mantemento de equipos, infraestruturas e comunicacións...
- c) Pedagóxica: metodoloxías, prácticas de ensino-aprendizaxe, contidos e currículos, prácticas de avaliación...

Marco lexislativo

Existen tres marcos europeos elaborados polo Centro Común de Investigación da Comisión Europea, que articulan a competencia dixital no eido educativo:

- a) DigCompEdu: que fai referencia á competencia dixital docente.
- b) O marco europeo da competencia dixital para os cidadáns, onde se integra tamén a competencia dixital do alumnado.
- c) O marco europeo para as organizacións educativas dixitalmente competentes: que trata a elaboración do plan dixital nos centros educativos.

Ao mesmo tempo, deberá atender ao seguinte marco lexislativo:

- Decreto 123/2021, do 2 de setembro, polo que se regula o Marco galego de competencias dixitais e a certificación galega en competencias dixitais.
- Lei Orgánica de Educación nos seus artigos, art. 111 bis (tecnologías de la información y la comunicación), art 121 (Proyecto Educativo) e art 132 (Competencias del director).
- Decreto 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia. (Título III, Planes Educativos, art. 34. Educación Digital).
- Decreto 150/2022, do 8 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia (Título III, Planes educativos, Art. 30. Educación Digital)
- Resolución do 23 de maio de 2024, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato no curso académico 2024/25.
- ORDE 6 outubro do de 2023 pola que se da continuidade ao programa de innovación educativa Polos creativos e se establecen instrucións para o seu desenvolvemento nos centros educativos dependentes da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e nos centros privados sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para os cursos 2023/24 e 2024/25.
- ORDE do 12 de abril de 2024 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2024/25 nos centros docentes

sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia

• ORDE do 17 de xullo de 2007 polo que se regula a percepción de complemento singular del complemento específico por función tutorial y otras funciones docentes (Dinamización de nuevas tecnologías de la información y comunicación)

3. Contexto DAFO

3.1. Instrumentos de recollida de información previa

Para a elaboración deste Plan contouse cos datos obtidos da ferramenta Selfie e os datos do test CDD realizado polo profesorado do centro.

3.2. Análise interna

DAFO	Descrición	Categoría	Obx.
Debilidade	Dificultades de conectividade pola situación dos domicilios no ámbito rural.	Familias	Si
Debilidade	Non están actualizados os equipamentos e redes . Asistencia técnica insuficiente.	Infraestruturas	Si
Debilidade	Tempo insuficiente para poder deseñar e levar a cabo unha axeitada actualización no plano dixital.	Persoal docente	Si
Fortaleza	O alumnado aprende a codificar ou programar de xeito adaptado a súa idade.	Alumnado	Si
Fortaleza	Suficiente experiencia no emprego de plataformas educativas e/ou outros recursos dixitais por parte do alumnado e profesorado de xeito colaborativo.	Familias	Si
Fortaleza	Hai nas aulas do centro equipamento informático mercado polo propio centro.	Infraestruturas	Non
Fortaleza	Suficiente participación en proxectos interdisciplinares. Úsanse recursos educativos abertos. Úsanse contornos virtuais de aprendizaxe co alumnado. Foméntase a participación do alumnado en proxectos interdisciplinares utilizando tecnoloxías dixitais.	Persoal docente	Si

3.3. Análise externa

DAFO	Descrición	Categoría	Obx.
Ameaza	Insuficiente tempo para que os docentes podan explorar novas modalidades de ensino no ámbito dixital. Falta de equipamentos e de asistencia técnica.	Administración educativa	Si
Ameaza	Cambios lexislativos constantes. Dificultades coa protección de datos do alumnado. Dificultades de acceso a software específico.	Lexislación	Si
Oportunidade	Oferta de recursos mediante programas específicos ou dotación por participación en proxectos de innovación. Oferta de formación a través de centros de formación.	Administración educativa	Non
Oportunidade	Vontade colaborativa.	ANPA	Si
Oportunidade	Guías de Protección de Datos e Identidade Dixital	Lexislación	Si

3.4. Análise

Unha vez valorados todos os elementos da DAFO, podemos concluír que estamos ante unha boa oportunidade para regular, sistematizar e deseñar o enfoque que queremos planear para o uso das novas tecnoloxías na nosa comunidade educativa. Temos que ser quen de compensar as fortalezas/debilidades e as ameazas/oportunidade para mellorar a nosa acción educativa, así como a relación telemática coas familias e a xestión das aulas virtuais e nube do noso CRA. Con esa finalidade deséñase o Plan Dixital do centro.

En primeiro lugar, debemos de traballar na mellora dos equipos e conectividade, si é posible a través da administración educativa, ou si non fose posible en todos os casos, con recursos propios do centro.

Por outro lado, é importante seguir traballando na formación do profesorado, para poder trasladar esta experiencia ás familias do alumnado e a súa práctica docente. Esta mellora da Competencia Dixital Docente será clave nos vindeiros cursos, tanto en funcións docentes como en funcións administrativas/burocráticas.

4. Obxectivos

4.1. Listaxe de obxectivos

Código	Obxectivo
O1PD	Continuar coa mellora da páxina web do centro. (E3)
O2PD	Seguir mellorando a comunicación por ABALAR MÓBIL coas familias e establecendo este como medio principal de comunicación.
O3PD	Continuar co fortalecemento da Competencia Dixital do profesorado a través do PFPP "A diversidade aplicada á aula a través dos Polos Creativos".

4.2. Datos do obxectivo O1PD

Código	Estado
O1PD	Pendente

4.2.1. Elementos DAFO relacionados

Debilidade - Familias - Dificultades de conectividade pola situación dos domicilios no ámbito rural.

Debilidade - Infraestruturas - Non están actualizados os equipamentos e redes.

Asistencia técnica insuficiente.

Debilidade - Persoal docente - Tempo insuficiente para poder deseñar e levar a cabo unha axeitada actualización no plano dixital.

Ameaza - Administración educativa - Insuficiente tempo para que os docentes podan explorar novas modalidades de ensino no ámbito dixital.

Falta de equipamentos e de asistencia técnica.

Fortaleza - Alumnado - O alumnado aprende a codificar ou programar de xeito adaptado a súa idade.

Fortaleza - Familias - Suficiente experiencia no emprego de plataformas educativas e/ou outros recursos dixitais por parte do alumnado e profesorado de xeito colaborativo.

Fortaleza - Persoal docente - Suficiente participación en proxectos interdisciplinares. Úsanse recursos educativos abertos. Úsanse contornos virtuais de aprendizaxe co alumnado. Foméntase a participación do alumnado en proxectos interdisciplinares utilizando tecnoloxías dixitais.

Oportunidade - ANPA - Vontade colaborativa.

4.2.2. Indicadores

Indicador	Valor inicial	Valor obxectivo ano 1	Valor obxectivo ano 2	Valor obxectivo ano 3	Valor obxectivo ano 4	Valor acadado
Número de incidencias e modificacións realizadas na páxina web do centro.	0	1				

4.2.3. Accións

Acción	Data máxima	Temporalización
AO1.1: Análise do estado actual da páxina web.	01/12/2024	setembro, decembro, novembro, outubro
Responsables	Coordinador Plan Dixital	
Destinatario	Centro educativo.	

Acción	Data máxima	Temporalización
AO1.2: Realización das modificacións oportunas segundo a análise feita.	20/06/2025	xaneiro, decembro, novembro, outubro, setembro, xuño, maio, abril, marzo, febreiro
Responsables	Coordinador Plan Dixital e profesorado.	
Destinatario	Centro educativo.	

Acción	Data máxima	Temporalización
AO1.3: Avaliación da idoneidade e utilidade real para os usuarios dos cambios feitos na páxina web do centro.	30/06/2025	xuño, novembro, outubro, setembro
Responsables	Coordinador Plan Dixital e profesorado do centro	
Destinatario	Centro educativo.	

4.3. Datos do obxectivo O2PD

Código	Estado
O2PD	Pendente

4.3.1. Elementos DAFO relacionados

Debilidade - Familias - Dificultades de conectividade pola situación dos domicilios no ámbito rural.

4.3.2. Indicadores

Indicador	Valor inicial	Valor obxectivo ano 1	Valor obxectivo ano 2	Valor obxectivo ano 3	Valor obxectivo ano 4	Valor acadado
Número de comunicacións enviadas ás familias por Abalar Móbil.	0	40				

4.3.3. Accións

Acción	Data máxima	Temporalización
AO2.1: Información ás familias de nova incorporación ao centro da existencia e funcionamento de Abalar Móbil	16/10/2024	setembro, outubro
Responsables	Dirección do centro e titores.	
Destinatario	FAMILIAS	

Acción	Data máxima	Temporalización
AO2.2: Asesoramento ás familias sobre o funcionamento de aplicación.	20/06/2025	xaneiro, decembro, novembro, outubro, setembro, xuño, maio, abril, marzo, febreiro
Responsables	Dirección do centro e titores	
Destinatario	Familias	

Acción	Data máxima	Temporalización
AO3.3: Avaliación dos resultados obtidos sobre o uso da aplicación.	20/06/2025	xuño
Responsables	Dirección do centro	
Destinatario	Centro educativo	

4.4. Datos do obxectivo O3PD

Código	Estado
O3PD	Pendente

4.4.1. Elementos DAFO relacionados

Debilidade - Persoal docente - Tempo insuficiente para poder deseñar e levar a cabo unha axeitada actualización no plano dixital.

Ameaza - Administración educativa - Insuficiente tempo para que os docentes podan explorar novas modalidades de ensino no ámbito dixital.

Falta de equipamentos e de asistencia técnica.

Ameaza - Lexislación - Cambios legislativos constantes.

Dificultades coa protección de datos do alumnado.

Dificultades de acceso a software específico.

Fortaleza - Familias - Suficiente experiencia no emprego de plataformas educativas e/ou outros recursos dixitais por parte do alumnado e profesorado de xeito colaborativo.

Fortaleza - Persoal docente - Suficiente participación en proxectos interdisciplinares. Úsanse recursos educativos abertos. Úsanse contornos virtuais de aprendizaxe co alumnado. Foméntase a participación do alumnado en proxectos interdisciplinares utilizando tecnoloxías dixitais.

Oportunidade - Lexislación -

Guías de Protección de Datos e Identidade Dixital

4.4.2. Indicadores

Indicador	Valor inicial	Valor obxectivo ano 1	Valor obxectivo ano 2	Valor obxectivo ano 3	Valor obxectivo ano 4	Valor acadado
Número de docentes que participa no PFPP	0	6				

4.4.3. Accións

Acción	Data máxima	Temporalización
AO3.1: Solicitud dunha liña de formación dentro do PFPP.	10/10/2024	setembro, outubro
Responsables	Dirección do centro	
Destinatario	Profesorado	

Acción	Data máxima	Temporalización
AO3.2: Realización das actividades relacionadas co PFPP	30/05/2025	xaneiro, decembro, novembro, outubro, maio, abril, marzo, febreiro
Responsables	Formadores	
Destinatario	Profesorado	

Acción	Data máxima	Temporalización
AO3.3: Avaliación dos resultados obtidos.	31/05/2025	maio, xuño
Responsables	Dirección do Centro, Coordinador TIC	
Destinatario	Centro Educativo	

5. Seguimento

5.1. Procedemento para o seguimento

A persoa coordinadora do Plan Dixital do CRA de Oroso, Raquel Garazo Ramos, reunirase telefónica ou telemáticamente co mentor ADIX, Jairo Campo Vázquez, tantas veces como fose necesario para revisar e analizar como se van levando a cabo os obxectivos e accións dos mesmos ou se estos presentan algunha incidencia ao longo do curso académico 2024-2025.

5.2. Primeiro trimestre

5.3. Segundo trimestre

5.4. Terceiro trimestre

6. Avaliación

6.1. Procedemento para a avaliación

Para facer o seguemento do desenvolvemento deste Plan, de xeito trimestral faremos unha reflexión sobre a súa evolución, para poder reorientar a nosa acción. Analizarase no marco das sesións de avaliación, xunto co desenvolvemento das programacións docentes, ao ter unha relación directa coa práctica habitual na maior parte das actividades planeadas para o traballo dos contidos co alumnado.

Baseándonos na avaliación trimestral, ao final de curso faremos unha reflexión en profundidade do grao de consecución dos obxectivos propostos. Tendo esta referencia do grao de consecución, planearemos os obxectivos a acadar o vindeiro curso, así coma as propostas de mellora para acadalos.

6.2. Valoración xeral

6.3. Propostas de mellora

7. Comunicación e difusión

7.1. Procedemento para a comunicación e a difusión

Unha vez debatido no claustro e aprobado no Consello Escolar, este Plan difundirase ás familias do alumnado xunto coa información de principio de curso na nosa páxina web. Comunicaremos ás familias do alumnado a publicación deste e doutros documentos mediante unha mensaxe de abalarMóbil.

O Plan Dixital durante este curso 24- 25 estará dispoñible a través dun enlace ao aplicativo de educabilidade.

8. Outros datos

9. Anexos